

4º ESO RECUPERACIÓN

LINGUA GALEGA E LITERATURA

IES RICARDO MELLA

2022-2023

1º AVALIACIÓN

1. Clasifica estes enunciados segundo a súa modalidade
 - a. Que ben bailas!
 - b. Vés á piscina?
 - c. Hoxe non chove.
 - d. Non corras tanto.
 - e. Talvez mañá neve.
 - f. Oxalá aprobe o carné de conducir.
 - g. Quero saber cando vas vir.
 - h. Canto tempo sen verte!
 - i. Levántate rapidamente da cama.
 - j. Se cadra imos a Manzaneda.
2. Sinala os procedementos fónicos, gramaticais ou léxicos que marcan as distintas modalidades nas oracións do exercicio anterior.
3. Analiza estes sintagmas gramaticais
 - a. Esa casa de Manolo
 - b. O alumnado de 4º ESO
 - c. Moi lonxe
 - d. Bastante limpa
 - e. O museo abandonado
4. Explica que son as Irmandade da Fala e as súas iniciativas a favor da lingua e da cultura
5. Cal é a diferenza entre unha lingua minorizada e unha lingua minoritaria?
6. Contesta estas cuestións
 - a. Explica a temática, a importancia e a estrutura da obra *Na noite estrelecida*.
 - b. Explica cales son as dúas posibles resolucións/solucións do conflito lingüístico.
 - c. Explica as características da obra de Noriega Varela.
 - d. Explica que é e cal foi os obxectivos do Seminario de Estudos galegos.

7. Relaciona a obra co autor

Na noite estrelecida

Do ermo

Manuel Antonio

Vento mareiro

Álvaro Cunqueiro

De catro a catro

Bouza Brey

No desterro

Ramón Cabanillas

Dona do corpo delgado

Da terra asoballada

Noriega Varela

Nao senlleira

8. Explica as características vangardistas do seguinte poema de Manuel Antonio no tocante á métrica, ao emprego da puntuación, á disposición tipográfica e a linguaxe. Engade exemplos do texto na túa explicación.

Gavotas que levan no peteiro
as cartas d'os mariñeiros namorados
Vapores burgueses
que nos ofrecen o remborque d'o seu fume
Pero as nosas velas encalmadas
espantan a bandazos
as horas como moscas
Vigo está tan lonxe
que se desourentaron as cartas mariñas
Unha pipa mais
de vagar
deica ver a hora que da o reloxe

Entra unha fría de vento?
-Moi ben!

Enrolará-se a pausa
n'as suas espirais
E non sabemos
(abonda xa de paréntesis)
engadir-nos outra volta
a todo eso que se nos esqueceu.

Manuel Antonio.

9. Explica a interpretación destes versos no poema anterior

Enrolará-se a pausa
n'as suas espirais
E non sabemos
(abonda xa de paréntesis)
engadir-nos outra volta
a todo eso que se nos esqueceu.

10. Sinala tres recursos estilísticos que vexas no poema anterior.

11. Que é un préstamo lingüístico? Pon tres exemplos

12. Que son o prexuízos lingüísticos? Como se forman?

13. Contesta estes exercicios

a) Explica amplamente cal é o prexuízo que se observa nesta imaxe e indica tres argumentos para desmontalo.



b) Explica amplamente cal é o prexuízo que se observa nesta imaxe e indica tres argumentos para desmontalo



14. Explica todo o que saibas da obra *O porco de pé*
15. Explica todo o que saibas da obra *Arredor de si* e das características narrativas do seu autor
16. Realiza un texto argumentativo (con polo menos tres argumentos), segundo o esquema visto na clase, sobre un destes temas
 - a. A privatización dos servizos públicos
 - b. A importancia da saúde mental na sociedade
 - c. A relevancia da educación sexual nas escolas
17. Coloca acento gráfico nas palabras dos seguintes enunciados que o precisen
 - Dime por que non asistiches. Xa me gustaria a min saber o porque.
 - Eu cheguei a hora; os demais chegaron tarde de mais.
 - Nos temos que marchar axiña, xa nos avisaron na casa.
 - Dame a carteira que está enriba da mesa.
 - Aínda non é inverno e xa vai moito frío.
 - A miña irmá vive fora de Galicia, pero ven todos os anos pasar aquí as vaca- cións.
 - Algunhas persoas so ven a palla no ollo alleo.
 - Vos sempre queredes mais, mais eu xa non vos fago caso.
 - Fixo un no no cordon do zapato.
 - Manolo, a ver se ves decontado! Non ves que che arrefria o te!

18. Explica todas as obras **narrativas** de Castelao
19. Mediante deste fragmento *Dos Arquivos do Trasnó* de Dieste, explica a obra e as características que posúen os seus contos, achega na túa explicación fragmentos do texto para exemplificar as características

Cheguei case de noite no coche estrangoado que facía de cote a viaxe entre o meu pobo e a cabeza de partido por onde pasaba o tren. Dúas horas a oír-los berros do tralleiro e as couces que daba nas táboas do pescante para espabilar ós cabalos cativos e desventurados.

Na casa un intre de conversa co labrador, entrementes engulía a cea que me serviu a súa muller.

Despois quedei só a remexer papeis nun van amplo —que fora sala nalgún tempo— separado da miña alcoba por un longo corredor...

Sempre tiven propensión ó sobresalto. A soedade, as tebras, o silencio, aínda hoxe me inquedan.

Aquela noite, ó me quedar só —¿por que non dicilo?— o desacougo encomenzou a escarabellar no meu maxín.

20. Cales foron os principais factores da substitución lingüística nas décadas do 1936 ao 1978
21. Explica todo o que saibas sobre a obra de Luis Seoane
22. Cales foron as principais iniciativas levadas a cabo polos exiliados
23. Puntuá correctamente estes textos
- a) No informe figura que os xornais reflectiron a importancia da noticia nos seus titulares en que se dicía Un grupo de investigación da UDC consegue grandes avances no estudo do cloroplastos 'primarios' das algas verdes
- b) Valoráranse os seguintes méritos traballos publicados relacionados coa Universidade asistencia a cursos e simposios etc
- c) Este feito esixiunos como colectivo profesional maior flexibilidade e capacidade adaptativa ás necesidades de cada contexto e ao mesmo tempo demostra o amplo abano de posibilidades de inserción profesional da figura do educador social nos centros educativos por tanto o obxectivo desta

comunicación reside en podermos describir cada un deses roles desde a experiencia obtida ao longo dos anos

- d) Á entrega de premios asistirán Xosé Luís Armesto reitor da Universidade da Coruña Carlos Amoedo secretario xeral María García experta en medios de comunicación e novas tecnoloxías e todas aquelas persoas que organizaron o evento

24. Analiza as funcións sintácticas das seguintes oracións

- a) Mañá chamarei a Martiño.
- b) Díxome a verdade.
- c) A Carme escollérona mariscadora do ano.
- d) As deportistas da fotografía parecen moi exultantes.
- e) A auga corría mansa polo regato.
- f) Deixamos abertas as portas do corredor.

25. Divide e analiza a estrutura destas palabras

Nenos

Imposible

Neniños

Desenpapelar

Gaiteiro

26. Enumera as linguas do territorio español, di que recoñecemento legal teñen e en que territorio se fala cada unha

LINGUA	TERRITORIO	RECOÑECEMENTOS LEGAL
Galego	Galicia	

27. Nomea as leis que regulan o *status* do galego? Que se di en cada unha delas?

28. Explica as catro obras de Celso Emilio Ferreiro e as características da súa poesía

29. Analiza sintácticamente estas oracións

Ana e María saíron de clase con preguiza

Celso Emilio é un escritor reivindicativo

30. Explica que significaba a metáfora de *Longa noite de pedra* nos poemas de Celso Emilio. Xustifica a túa resposta. Identifica outros recursos dentro do poema

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,

as olladas,
son de pedra.

Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite.

31. Cada un destes poemas corresponde a unha liñas poética da posguerra, identifica cada un deles

POEMA 1

A dama que ía no
branco cabalo
levaba un pano de seda bordado
Na verde fror
as letras van de amor!

O cabaleiro do cabalo negro
levaba unha fita colléndolle o pelo
Na verde fror
as letras van de amor!

Alvaro Cunqueiro *Dona do corpo delgado*

POEMA 2

Cando quero vivir
digo *Moraima.
Digo Moraima
cando semento a esperanza.
Digo Moraima
e ponse azul a alba.

Celso Emilio Ferreiro, *Onde o mundo se chama Celanova*

POEMA 3

“Helena”

Helena regresa a Esparta
Estes son os pórticos, estas as aras.
Ergue-se a neve ali coroando os penedos.
Aquí esbaran os cisnes entre os vímios.

Beleza vencedora, acollen-me os lugares
Como se non tonase profanada
Por beizos estrangeiros.

A gorja do tempo engolira Troia
E os dez anos adúlteros. Purificada
Polo esquecemento, me non pesa o corazón.

As bágoas de Hécuba, a lanza de Héitor,
O trono de Príamo, o leito de Páris
Afundirían-se na noite da morte. Segura,
Calco con pé de marbre o pazo natal.

Ricardo Carballo Calero, *Pretérito
imperfecto*

POEMA 4

No tempo aquí
cando os animais falaban,
dicir libértá non era triste,
dicir verdá era coma un río,
dicir amor,
dicir amigo,
era igoal que nomear a primavera.
Ninguén sabía dos aldraxes.
Cando os animais falaban
os homes cantaban nos solpores
pombas de luz e xílgaros de soños.

Dicir teu e meu non se entendía,
dicir espada estaba prohibido,
dicir prisión somente era unha verba
sin senso, un aire que mancaba
o corazón da xente.

¿Cando,
cando se perdeu
este gran reino?

O poema 1 pertence á liña _____ porque _____

3º AVALIACIÓN

1. Explica que é a variación social e os niveis de lingua
2. Explica as tres tendencias dentro da prosa do 36 ó 75. Engade un representante de cada unha
3. Explica as temáticas das obras *Merlín e familia*, *As crónicas do Sochantre* e *Se o vello Sinbad volvese ás illas*?
4. Explica a temática da obra *A Esmorga*
5. Relaciona o autor coa obra

Autores

Xohanna Torres

Manuel María

Anxel Fole

Bernandino Graña

Uxío Novoneyra

Mendez Ferrín

Obras

Á lus do Candil

Documentos personaes

Os Eidos

Con pólvora e magnolias

De sulco

Profecía do mar

6. Clasifica as seguintes palabras en derivadas, simples, compostas e parasintéticas

Lobos

Botafumeiro

Soldado

Mocidade

Gardabosques

Ela

Lavalouza

Agridoce

Enxordecer

Choviñar

Alaranxado

Internacional

Lobishome

Camposanto

Envellecer

7. Identifica nestes poemas cada unha das liñas temáticas das Festas Minervais. Xustifica a túa resposta con partes do poema e sinalando a temática

POEMA 1:

“Terra Chá I”

A Terra Chá, somentes é:
un pobo aquí, outro acolá,
mil arbres, monte raso,
un ceo chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.
O resto é soedá.

Manuel María, *Terra Chá*

POEMA 2:

Na outra banda do mar constrúen o navío:
o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben
que están a construír a torre de cristal da miña infancia.
Non saben que cada peza, cada caderna maxistral
é unha peza do meu ser. Non saben
que no interior da quilla está a médula mesma
da miña espiña dorsal; que no galipote a quencer
está o perfume máxico da vida.
Que cando no remate ergan a vela, e a enxarcia
tremole vagarosamente no ar
será o meu corazón quen sinta o vento,
será o meu corazón.

Antón Avilés de Taramancos, *As torres no ar*

POEMA 3:

¿Por que sempre quedo ancorado
na choiva silenciosa de Sant-lago
esperando eternamente un anxo mouro
que volve o meu soño neve ou pedra?

Unha arela imprecisa que é saudade
encerra o meu silencio enverdecido
de lonxanías brancas ou salaíos.

Manuel María, *Advento*

POEMA 5:

O idioma é a forza
que nos xungue e sostén
se perdemos a fala
non seremos ningún.

O idioma é o amor
o latexo, a verdade
a fonte da que agroma
a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer
precisamos a lingua
se queremos vencer.

M. María

8. A que bloque lingüístico pertence cada oración? **Argumenta** a túa resposta con palabras e **TODOS** trazos das oracións característicos de cada bloque (2 puntos)

- a. Se vés ás des aghardareite co meu irmán:
- b. Mañá chegarán os rapaces cos camiois:
- c. O meu irmao ten unha casa con sinco balcós:
- d. Sabes tu quen me fixo esta ferida na mao? Pois foi un rapás da túa idade:
- e. Se vas despois das dez, vou contigo:
- f. A miña irmán chegará hoxe ás sinco:
- g. Ás seis da mañá espértame a veciña, a bater no chao cos tacois:

9. Completa o seguinte cadro coa forma correspondente en cada bloque (1 punto)

Características	BLOQUE OCCIDENTAL	BLOQUE CENTRAL	BLOQUE ORIENTAL
Gheada			
Seseo			
Plural das palabras en -n			
Pronome persoal de 2º persoa singular			
Substantivos en -n			

10. Que é a Nova Narrativa Galega?

11. Que é a variación diatópica?

12.

13. Explica as características da Nova Narrativa Galega que atopes ns texto, achega fragmentos do texto á túa explicación. PODE SER OUTRO TEXTO

Miña querida Lou:

Arrecende o mar en Puech Merlhou? Eiquí en Vigo arrecende.

Como che prometín, vou facerche entrega dos meus segredos amorosos. [...] Esta é a historia da Vella. Non che digo o seu nome porque nunca estiven fixo dil. Simplemente a Vella.

Eu tiña un plan cando deixei a miña casa, a miña aldea. Tiña un plan segredo. Un plan escuro.

Cáseque era un impulso. (Xa ti sabes todo o que en min hai de irracional). Figúrate un rapaz —apenas un home— buscando naquil bairro sen nome, onde as rúas —apenas rúas— carecen de dirección fixa, Busquei e canseime. Dormín a primeira noite nun banco de pedra. Millor dito, non poiden dormir pois o banco estas ba xusto embaixo dun farol. [...] Pola mañá seguín buscando. No meu plan estaba percurar sempre. percu_ rar sempre.

Por fin atopei a casa, que millor sería chamar casoupa. Detívenme e supetamente soupen que aquela era a casa. No meu plan estaba entrar (Xa antes che dixeran que non era mesmamente un plan). Dentro estas ba o Xaquín, deitado nunha cama, co peito ao aire, groso, suando, cheirando a podre. A Vella tiña moitos anos, sen dentes; estaba enloitada e cega. [...] Antes de que eu dixera nada falou o Xaquín.

—Imposible. Váíase, váíase, veña...

E que o tipo aquil adiviñara o meu plan? Abrín a boca para falar, aínda que —en verdade— se Xaquín non me interrompe, eu veríame nun apreto, pois non tiña absolutamente nada que decir. Interrumpiume:

—Non sabemos quen é vostede. Non o precisamos eiquí. Faga o favor de saír.

Eu non me contiven e rompín en protestas. Foi un río continuado, inconexo de protestas [...] Entón entra a Vella. Fala.

—É millor que o señor Ramón fique connosco até que se aclare a situación.

Xaquín elevou imperceptibelmente o tórax do leito.

—Vaia, Vella. É que vas facer outra vez a xogada? Non che dou pena? Non che dá pena o teu fillo?

Eu, miña querida Lou, fiquei naquela casa Durmía nun curruncho antre cobertores, que de distinguidos que eles estaban e de tanto que eles cheiraban ao suor, eu calculei que foran do uso persoal de Xaquíne

A Vella levábame un tantiño caldo, cada mañá. E podía verlle a cara de perto.

Un día dinme conta que non parecía xa tan vella como o primeiro día.

E seguiu pasando o tempo, pro como non debía pasar, E eu de cada vez máis inconsciente. Precipitáronse os acontecementos, precipitouse o tempo, nunha noite, Coido que foi nunha noite. pro: cantas noites non irían naquela noite... E menceu o sol.

Apaseei a oliada poia habitación. Estaba unha mulier de pé. Era unha moza. Eu erguinme, pelo medrado, Pergunteille á moza:

—E o Xaquín?

—Aínda non naceu.

E a Vella?

-Non miras que non son vella? Son máis nova ca ti... Son nova...

O extraordinario é que eu non cambeara. Estaba coma denantes. [...]

Cáseque insultantemente díxome a Vella, pasado ben tempo de vivirmos xuntos:

—Imos ter un filio. Ímoslle pór Xaquín. Eh?

Ti cres que pode haber nervos no mundo pra aturar aquilo? Fun implacábel. Díxenlle á Vella que me ía daquela casa, que non aturaba máis.

Ela se non inmutou.

-Xa sabía eu. Xa o sabía. Non teñas pena por min. Voltarei a ser a Vella. Outro virá que me faga de novo ao Xaquín.

Funme e deixei á Vella empreñada. Agora ben. Despois de saberes o que sabes, ti podes asegurar de que Xaquín seña o meu fillo? Xaquín, en realidade, era fillo de alguén? [...]

Pra findar. Vexo a ría dende a miña fiestra. Está azul. Dime, está azul o ceo en Puech Merlhou? Abrázote, Ramón Fraiz

X. L. Méndez Ferrín: «Dúas cartas a Lou», en *O crepúsculo e as formigas*

14. Relaciona estes autores coas obras

	<i>Memorias dun neno labrego</i>
	<i>O crepúsculo e as formigas</i>
Ferrín	<i>Vento ferido</i>
María Xosé Queizán	<i>Remuíño de sombras</i>
Casares	<i>Ilustrísima</i>
Neira Vilas	<i>A orella no burato</i>
	<i>Arrabaldo do norte</i>
	<i>Percival e outras historias</i>

15. Pon os seguintes verbos en **pretérito perfecto de indicativo**. PODE SER OUTRO TEMPO VERBAL

- a) Sempre (facer) _____ o que che (pracer) _____ , agora non te queixes.
- b) Onte (andar) _____ a facer compras e non me (traer) _____ nada.
- c) Cando lle (dar) _____ o sobre nin sequera o (ver) _____ .
- d) El (vir) _____ onda min sempre que eu (querer) _____ .
- e) Non (ir) _____ alí porque non nos (dicir) _____ nada.
- f) (Andar) _____ canto (poder) _____ , pero non (ser) _____ suficiente.

16. Completa a seguinte táboa con todas as persoas. PODE ENTRAR CALQUERA VERBO IRREGULAR DOS VISTOS NA CLASE.

	MODO INDICATIVO						MODO SUBXUNTIVO	
	PRESENTE	COPRETÉRITO	FUTURO	POSPRETÉRITO	PRETÉRITO	ANTEPRETÉRITO	PRESENTE	PRETÉRITO
ESTAR								
FACER								
VER								

